


PLOTTER DE CORTE

CONTIDO

INSTALACIÓN DO SOFTWARE. SIGNMASTER.....	2
CONEXIÓN POR CABLE USB	2
CONEXIÓN WIFI.....	2
RODAS DE ARRASTRE.....	3
CABEZAL DE ESCRITURA/CORTE/ GRAVADO	4
TAPA SUPERIOR.....	4
DISPLAY.....	4
ESTEIRA/TAPETE/ALMOFADA/ ALFOMBRA... LIMPEZA E MANTEMENTO.....	5
COLOCACIÓN DA COITELA	7
EXERCICIO 1	7
EXERCICIO 2	8
EXERCICIO 3	8
EXERCICIO 4	9
EXERCICIO 5	9
PELADO	10
TRANSFERENCIA DO VINILO.....	10
APLICACIÓN DO VINILO	10
EXERCICIO 1	11
EXERCICIO2.....	12
EXERCICIO3.....	12
FERRODEPASAR.....	12



INTRODUCCIÓN

O ploter de corte é un dispositivo que se volveu habitual para crear deseños de todo tipo. Unha ferramenta moi útil para aqueles que traballan no sector do deseño, o estampado ou a impresión entre outros. Trátase dun dispositivo que se asemella bastante a unha impresora aínda que, con funcionalidades diferentes, xa que se encarga, principalmente, de cortar os diferentes deseños que se crearon de maneira previa.

O ploter de corte utilízase basicamente para cortar vinilo termoadhesivo e vinilo de rotulación. O vinilo termoadhesivo utilízase basicamente para realizar estampados con cores sólidos en prendas de vestir como camisetas, sudaderas, gorras, pantalóns e tamén en bolsas de tea entre outras. O vinilo de rotulación utilizarémolo para decorar ou crear mensaxes directos en paredes, ventás, portas...

O ploter Rotutex C41 é bastante versátil, incorpora un xogo de coitelas de corte coas que podemos cortar un sinfín de materiais de diferente natureza:

- Vinilo termoadhesivo. Vinilo Textil. Vinilo reflectante...
- Papel adhesivo. Papeles grosos 300gr. Cartoncillo, cartulina...
- Goma eva. Feltro...

Mostra desa versatilidade é a incorporación dos cabezais de fendido para formar caixas e gravado permitindo traballar con materiais ríxidos:

- Realizar packaging.
- Gravaren aluminio, chapa, madeira, metacrilato, certos materiais laminados...

Debemos ter en conta que o intercambio dunha ferramenta ou material necesitará de novos axustes, polo que é case obrigatorio realizar unha taboa de materiais e axustes básicos para non tardar moito tempo nin desesperarse.

Na páxina web existen dous manuais para a súa descarga <https://www.rotutex.com/es/content/6-rotutex-descargas-ayuda-soporte> Un MANUAL RÁPIDO, perfecto para a instalación do ploter e activar a configuración WIFI e un MANUAL DE USO DO PLOTTER, neste último, hai unha guía de referencia de axustes para diferentes materiais, indicando entre outros, a coitela a utilizar, a altura do cabezal, velocidade...

De todas as maneiras, o mellor é que nós mesmos confeccionemos unha taboa personalizada cos materiais comúns que máis usemos.

Conexión do plotter USB. WIFI.

A conexión do ordenador mediante WIFI coploter non a recomiendo, o sinal soe fluctuar ralentizando o traballo e incluso en ocasións poderíase chegar a abortar a tarefa por cortes no sinal.

O mellor é realizar a conexión mediante cable USB.

Antes de realizar a conexión coa máquina xa sexa mediante WIFI ou USB debemos ter instalado o software SignMaster no equipo.

INSTALACIÓN DO SOFTWARE. SIGNMASTER

Na páxina de "ROTUTEX", apartado "DESCARGAS" está en enlace para descargar e instalar o programa: <https://www.rotutex.com/es/content/6-rotutex-descargas-ayuda-soporte>


No CD que acompaña a máquina tamén temos o instalador.

En ámbolos dous casos, chega con seguir as instrucións, introducindo o código de rexistro que vén asociado ao programa, este pódese atopar no Cd de instalación e nun folio dentro dea caixa co resto de material.

CONEXIÓN POR CABLE USB

O ploter debe estar apagado mentras non realicemos a instalación do software.

Unha vez realizada a instalación do programa SignMaster, enchufamos o cable USB ao equipo, prendemos o ploter e buscamos no programa a ventá "COLA DE VINOLO" que atoparemos á dereita das iconas de acceso



directo, debaixo da barra de menús. É unha icona con aparencia de nave espacial.


Abriráenos a ventá "VINYL SPOOLER", nela iremos á lapela de "CONEXIÓN" e revisaremos que en:

- "TRAZADOR" estea seleccionado o Ploter Rotutex C41.

- "MÉTODO DE CONEXIÓN / TIPO DE PORTO" teña posta a opción de "Direct USB port".

- "CONFIGURACIÓN / PORTO USB" revisar que teñamos un porto activo e seleccionado.

A conexión debería establecerse.



CONEXIÓN WIFI

Se temos conexión WIFI, na esquina superior esquerda do display do ploter, debería aparecer unha icona de cor verde indicando que o ploter ten conexión WIFI.

Para realizar a conexión debemos abrir a opción "WIFI" que está dentro de "AXUSTES" do ploter.


Co botón "BUSCAR" buscaremos o sinal wifi que corresponda e validámola co botón "APLY" situado na esquina inferior esquerda.

Introducir a chave (as letras saen premendo varias veces en cada unha das teclas).

No apartado da dirección "IP" con por os últimos tres díxitos da nosa dirección debería ser dabondo.

O equipo debe ter unha "IP" fija, do contrario cada vez que se prenda teremos que volver sincronizalo.

Por último premeremos o botón de "APLICAR".



Descrición do plotter. Partes xerais

Na parte frontal encontramos las ruedas de arrastre, o cabezal de corte, o display e a tapa superior.

Na parte traseira está a panca que permite subir e baixar as rodas de arrastre e as pancas para aumentar a presión das rodas.

No lateral dereito atópase o porto USB, a entrada dos datos para cable USB e a clavixa de alimentación.

Debaixo do ploter está a tapa que da acceso á parte da maquinaria.

As rodas de arrastre deben colocarse exactamente sobre os rodetes tractores que se atopan debaixo, para iso hai unhas marcas na guía de arrastre con forma de frecha para centralas o mellor posible.

As rodas só se poderán mover se previamente se levantaron coa panca xeral traseira.

Para introducir un vinilo ou a "almofada" (esteira de corte) debemos levantar as citadas rodas mediante a panca que atoparemos na parte traseira dereita, empurrándoa cara a atrás e abaixo.

En cada unha das rodas hai unha panquiña que ten un pequeno molle, polo xeral, esa panca deberá estar



Pancas para aumentar ou disminuir a presión sobre as rodas de arrastre. Panca subida pouca presión. Panca baixada máis presión.

RODAS DE ARRASTRE

Unha das partes máis importantes do ploter, son as RODAS DE ARRASTRE, conta con tres rodas que se poden desprazar para anular a súa función e aumentar ou facilitar a zona de gravado, sobre todo con materiais grosos.

Parte posterior das rodas de arrastre. Cando non se use o ploter, as rodas de arrastre deberán permanecer sempre levantadas.





levantada, baixarémola cando necesitemos unha presión extra.

Cando sexa necesario, as rudas de goma e os eixes de arrastre pódense limpar con alcohol isopropílico ou un disolvente suave. Aplicar o limpador nun trapo limpo que non solte peluxe e frotar toda a roda e/ou o eixe de arrastre ata que quede libre de adhesivo.

Ao usar a esteira de corte, se recoméndase colocar o material no centro da alfombra e a roda de arrastre máis á esquerda no lado esquerdo para que quede anulada, a continuación, escorregar a roda de arrastre do centro para que sirva como agarre do lado esquerdo. Isto mantén as rodas de arrastre fóra do material e proporciona un bo equilibrio mentras a esteira se move dentro e fóra durante o corte.

Se estamos gravando materiais con certo volume, é obrigatorio desprazar as rodas anulando a central.

Cando non se use o ploter, as rodas de arrastre deberán permanecer levantadas.

CABEZAL DE ESCRITURA/ CORTE/GRAVADO

O cabezal é moi sensible, deberemos tratalo con coidado, sobre todo o parafuxo de suxeción, para non pasalo de rosca, apertar con coidado.

Son pezas de plástico resistente que se cambian facilmente pero teñen certa fragilidade.


No cabezal colocaremos a ferramenta que necesitemos utilizar:

Corte 30°, 45°, 60°

Grabado

Fendido


Tamén ofrece a posibilidade de incorporar unha unidade láser.



TAPA SUPERIOR

Podemos abrir a tapa superior facendo unha lixeira presión cara arriba con ambas mans na zona frontal para cambiar os LEDs ou instalar a unidade láser.

DISPLAY.




Menús básicos e avanzados. Test de corte. Axustes de velocidade. Axustes da luz de leds. Sons e luces de fin de traballo.

No display poderemos atopar as diferentes opcións de configuración para o equipo:

General settings

LED SETTINGS: Poderemos cambiar a cor da luz LED

Screen: Dúas opcións, por un lado que ao acabar a tarefa cambie a cor de




a luz led. E a outra opción é que emita un son.

Unit / Linguaxe : Cambio de unidades (polgadas/centímetros) e de idioma.

AdvancedSettings

To right power on (icona amarela): Cando prendemos o ploter, o cabezal colócase automaticamente cara á dereita, deste xeito facilita a carga de material.

"Y" KEY MODE: Para que o eixe "Y" (o material/rodas de arrastre) se desprace cara adiante (defecto) ou atrás (marcha atrás).



Array: Esta opción permítenos realizar repeticións.

Show Point (amosar punto): Cando movemos o cabezal e o material por medio das frechas, amósase no display a posición relativa (na parte esquerda) e a posición absoluta (na parte dereita do display).

"X" é a distancia en horizontal (dereita esquerda)

"Y" é a distancia en vertical, ao alto do material.

"L" é a distancia en liña recta desde a posición "x/y".

Up speed: É a velocidade coa que o material se despraza ao activar as frechas do display.

Se necesitamos reducir momentaneamente a velocidade de arrastre, podemos activar a icona representada con dúas frechas sobre un fondo azul que está na pantalla principal do display.

Tambén debemos modificar no apartado de "presión" (pantalla principal) a velocidade de arrastre e a de corte.

A primeira opción corresponderá ao corte e a segunda ao arrastre.

System mode: Para activar a opción láser.

Escala: Se necesitamos ampliar ou reducir un traballo, podémolo facer desde aquí, pero é moi importante que despois de terminar se restitúa ao valor por defecto do 100%

Avanzado Modo

To start: fará que o cabezal de corte regrese ao orixe despois do corte.

To end: fará que o cabezal de corte avance cara ao final do proxecto de corte.

To left: fará que o cabezal de corte se mova cara á esquerda do proxecto de corte.

ESTEIRA/TAPETE/ ALMOFADA/ALFOMBRA... LIMPEZA E MANTEMENTO.

Todos os materiais que no teñan soporte propio, deberán fixarse enriba da esteira.

É conveniente por o adhesivo, só no centro da esteira, deixando libre as rodas de arrastre, desta maneira non teremos que limpalas tan de a cotío.


Se a capa de adhesivo que trae de fábrica se gasta, podemos usar polo xeral, calquera adhesivo reposicionable NON PERMANENTE. Realizar unha proba nunha esquina e probar a súa resistencia.

No deixar o papel moito tempo na esteira co adhesivo, ao final podería quedarse pegado na esteira de forma permanente.

Se intentamos cortar ou grabar materiais que necesiten unha suxección maior, pode utilizarse cinta de carroceiro para suxeitalos ou cinta dobre cara.

En ocasións podemos fabricar un molde a base de silicona que nos sirva de axuda para colocar varios soportes. Facer unha proba previa antes nunha esquina.

Para a limpeza existen sprays para quitar a cola nós utilizamos un



Se necesitamos colocar o cabezal de corte nun lugar concreto ou reducir momentaneamente a velocidade de arrastre, podemos premer na icona que se amosa arrodeada cun círculo..



disolvente de 3M: "Industrial Cleaner citrus base" chamado de "LARANXA". Non deixa refugallos nin dissolve a esteira, nin o metacrilato.

Probei a limpar con alcol de limpeza pero foi complicado e o acabado non é do todo bo.

Compañeras suxeriron que para a limpeza se utilice xabón "Lagarto" ou deixar enriba da esteira un pano empapado en aceite de oliva un tempo.

Tipos de coitelas e ferramentas de gravado e fendido.

Rotutex vén con tres coitelas:

- A coitela con **tapa amarela 30 graos**, é unha coitela ancha para materiais duros, moi axeitada para cortar teas, feltros e tintes. Sábese que tamén funciona de maneira óptima con cartulina que estivo exposta á humidade.

- A coitela con **tapa vermella 45 graos**, é axeitada para cortar materiais máis delgados como papel, todos os tipos de cartulina, vinilo de transferencia de calor e vinilo de parede, etiquetas (papel adhesivo).

- A coitela con **tapa azul 60 graos**, é unha coitela moito máis longa e é moi axeitada para cortar materiais máis grosos, como pasta de goma, plástico artesanal, espuma artesanal e material de plantilla de diamantes de imitación.


-As coitelas de 45 e 60° permiten realizar cortes máis precisos para elementos pequenos ou con curvas moi cerradas.

-As coitelas de 45 e 60° na parte posterior ao fío (a parte de atrás) non termina recto, senón que o fío está un pouco adiantado, permitindo cortes máis precisos.


O cabezal para marcar as dobreces para crear unha caixa tene dúas puntas de estampado de diferentes tamaños. Recoméndase o máis pequeno para marcar a cartulina para proxectos pregables, como tarxetas despregables, bolsas de regalo e caixas pequenas. Calquera das cabezas pódese usar para realizar fendidos.

Ao marcar en cartulina ou papel, recoméndase colocar un material brando debaixo para permitir unha presión máis profunda. Debemos asegurarnos de que o material estea ben adherido á esteira (con cinta adhesiva, se é necesario).

A ferramenta de gravado pode utilizarse para gravar diversos materiais.



Portacoitelas.



COLOCACIÓN DA COITELA

Non se debe desmontar o soporte portacoitelas a non ser que necesitemos limpalo. A coitela entra e sae por un burato situado na parte inferior do soporte. Na parte superior do soporte hai un pulsador mediante o cal podemos extraer a coitela e remprazala por outra.

A roda dourada (bronce) debe afrouxarse para poder mover a roda de latón (plateada). A roda plateada fará que a coitela suba ou baixe.

Unha vez colocada á altura oportuna, apretaremos o anep de bronce. **O obxectivo da coitela é o de cortar só o que necesitamos, polo que só debe sobresaír por fóra do soporte un pouco máis que o grosor do material a cortar.**

Carga de material e test de corte.

EXERCICIO 1

-Colocar vinilo de rotulación no ploter.

-Colocar a coitela de 45° no seu soporte.

-Axustar a altura da coitela (debe sobresaír o grosor do vinilo e un pouco máis nada máis).

-Colocar o soporte da coitela no cabezal de corte (utilizar 20 follas de post-it como galga de altura).

-Facer test de corte. Corriximos a presión. Empezamos con 20gr 350mm/s axustamos ata conseguir a presión axeitada.

-Gardar a configuración dos axustes na opción "PRESIÓN" do ploter.

-Escribir un texto en maiúsculas con algunha letra fechada (JOSE) EN ARIAL BLACK 33mm de alto.

-Facer probas:


-Recordar que antes de dar a orde de cortar, deberemos dicirle ao programa que ferramenta temos montada no cabezal e si se ten que activar o "OFFSET" que é a "COMPENSACIÓN" de corte das coitelas.

Opcións de corte:

1. Corte normal. NADA MARCADO


2. Activar "CORTE PELAR RÁPIDO"

desta forma, engádense liñas enganchadas ás formas con traxectorias internas para facilitar o pelado



Se activamos a opción de "PELAR CAIXA AUTOMÁTICA" faranos unha caixa exterior.

3. Nas opcións de texto atopamos algunhas opcións que se repiten, pero, neste caso son especiais para traballar con textos.




-"MARCAS DE FÁCIL ELEVACIÓN":

Xerará un corte no interior das letras fechadas como por exemplo a letra "O".

-"TEXTO DE SOLDADURA": super importante, hai tipografías como a "Brush Script" que os rasgos das letras superpoñense polo que o plotter realizará un corte entre cada letra e incluso dentro delas.


-"CAIXA DE TEXTO PELAR SÓ": fará unha caixa exterior e ademais das letras que non se tocan cortará esa separación en dous.

A opción de "TEXTO DE SOLDADURA" tamén a podemos realizar en "SING





MASTER" no menú OBXECTOS/WELDING/WELD // ctrl+j . Ao aplicar esta opción en SingMaster, o texto deixa de ter as propiedades propias do texto e convértese en trazado/dibuxo.



Unha vez conseguidos os parámetros de presión e velocidade axeitados, gardar a configuración no ploter dándolle un nome.

EXERCICIO 2

Neste exercicio propónse cortar o mesmo texto do exercicio anterior cos parámetros establecidos no exercicio anterior pero a unha velocidade moito máis lenta, a 150 mm/s sen variar a presión, só velocidade. Marcar só "CAIXA DE PELADO"


En calquera momento do corte podemos premer a opción "PAUSA" no display do ploter, poderemos mover coas frechas o material para comprobar o corte e reanudalo cando estimemos oportuno desactivando a pausa.

Unha vez rematado de cortar ese texto, volver a cortalo pero moito máis rápido 700mm/s sen variar a presión, só velocidade. Marcar só "CAIXA DE PELADO"

Terminados os dous exercicios, comparar os resultados: como cortou a baixa velocidade? como cortou a alta velocidade? modificar a velocidade de corte, modifica a presión eercida no vinilo?

EXERCICIO 3

Colocar unha imaxe do clip art cun deseño algo complexo e enviar a cortar. Se os axustes son correctos, todo sairá perfecto.



EXERCICIO 4


Importación de diseños preelaborados (InkScape, Coreldraw, illustrator)

Imos traballar cun arquivo creado en "Illustrator" versión 22

Abrimos "SingMaster" e creamos unha nova páxina "Ctrl+N".

Desde o escritorio abrimos a carpeta onde está o arquivo a cortar (02V_grazas_v250_p50) e arrastrámolo dentro de "SingMaster", soltámolo e despegarase a ventá de "Importación de obras de arte", activamos a opción de "Importar como editables" e se é necesario "Conservar cores CMYK".

Aínda que nos diga que non é un arquivo compatible prememos en "ACEPTAR" e abrírase o arquivo nun documento novo.



Se o arquivo fose gardado na versión 8 de Illustrator, o arquivo comportaríase como se o estivesemos "Importando".

Aínda que nos diga que non é un arquivo compatible prememos en "ACEPTAR" e abrírase o arquivo

Unha vez temos o arquivo en pantalla, o reto é cortalo en vinilo de rotulación sen modificar o seu tamaño.

Para cortar un arquivo PDF actuaríamos da mesma maneira. Coidado cos traballos creados en plataformas como "CANVAS" que algunhas das imaxes son "PNG" ou "JPG" ao non estar creadas en base a trazos vectoriales, non pode ser cortado e ademais pode dificultar a tarefa de crear un contorno.

EXERCICIO 5

Seguimos con outro traballo de illustrator.

Colocamos o arquivo "03V_FELICES_FESTAS" nun documento de SingMaster como hemos hecho en el ejercicio anterior.


Ten en conta que necesitamos rotulalo a catro cores.

Como necesitamos rotular catro cores diferentes encaixados, mantendo distancias e colocación igual ao original, a la hora de enviar a cortar, debemos marcar la opción de "MARCAS DE REXISTRO".

Outra opción que nos axudará moito é activar "SEPARADOS POR COR" desta maneira podemos enviar a cortar só os elementos que necesitemos, dependendo do vinilo colocado no plotter.

Non é boa idea cambiar as opcións de corte dunha cor a outro, as marcas de rexistro poderían saír en sitios diferentes.





Cando teñamos todas as opcións definidas, procedemos a “ENVIAR Á CORTE DE VINILO” naa cola de corte “VINYL SPOOLER” podemos seleccionar a cor a cortar, sen necesidade de volver á ventá anterior.

Cortar cada cor co vinilo correspondente.

Rotulación. Pelado e aplicación con espátula.

PELADO

O descarte ou pelado do vinilo consiste na retirada do vinilo non desexado entre os grafismos ou letras.

Hai no mercado útiles que facilitan a tarefa do pelado del vinilo: pinzas especiais coa punta moi fina, ganchos... pero se non hai nada de todo iso, un cúter a ser posible cunha coitela de 60º serve perfectamente.

TRANSFERENCIA DO VINILO

Unha vez pelado o vinilo (descartado o vinilo sobrante), aplícase sobre os grafismos e/ou letras unha cinta de transferencia denominada “TRANSPORTADOR” (cinta de aplicación) pode ser de plástico ou de papel.

O transportador de papel é traslúcido e o de plástico máis transparente. Premer firmemente el transportador sobre o grafismo por medio dunha espátula. Tirar polo transportador e retirar o papel soporte, deixando o vinilo e a cinta de aplicación. O motivo xa está listo para ser aplicado.

Non se deben producir enrugos ao aplicar o transportador.

APLICACIÓN DO VINILO

Aplicación en seco

Colocar o transportador co grafismo sobre a superficie. Aplicar presión firmemente coa espátula comezando no centro e traballando cara ao exterior, a presión debe ser homoxénea sobre todo o grafismo.

Lentamente retirar o transportador, deixando o grafismo na súa posición final. Aplicar presión coa espátula (a ser posible coa zona de feltro) directamente sobre o grafismo cofin de garantir a súa perfecta adhesión.

Aplicación en húmido

Sobre todo para vinilos de certo tamaño.

Esta técnica axuda a eliminar as burbullas de aire cando se aplican grandes masas de vinilo. Tamén permite reposicionar varias veces, o que constitúe unha gran vantaxe ao montar logotipos de varias cores que necesitan una aliñación perfecta.

Mesturar auga tibia cunha pequena cantidade de deterxente sen encimas (1 pinga por litro de auga).

Humedecer lixeiramente cun spray fino tanto o adhesivo como a superficie (sobre todo a superficie, o adhesivo del vinilo só para tamaños moi grandes).

Colocar o vinilo escorregándoo ata alcanzar a posición correcta. Aplicar presión firmemente coa espátula comezando pola dereita e traballando cara á esquerda colocando a espátula cunha inclinación de 30°, a presión debe ser homoxénea sobre todo o grafismo.

Deixar secar a cinta de aplicación (de 30 a 60 minutos dependendo da temperatura/humidade) e retirar lentamente a cinta de aplicación. Aplicar presión coa espátula directamente sobre o grafismo para garantir a súa perfecta adhesión.



Corte de vinilo textil

Chamados de transferencia de calor ou termo adhesivos


EXERCICIO 1

Colocar a coitela de 45° no seu soporte.

Axustar a altura da coitela

Colocar o soporte no cabezal de corte cunha glaga de 20 pos-it. Facer test de corte. Correximos a presión. Empezamos con 20gr 350mm/s axustamos ata conseguir a presión axeitada dependendo da altura á cal poñamos a coitela

Gardar a configuración dos axustes na opción "PRESIÓN" do ploter.



Colocar a figura dun corazón que atopamos na ferramenta de "CLIP ART" apartado "SYMBOL".

Facer probas:



Antes de dar a orde de cortar, deberemos decirlle que ferramenta temos montada no cabezal e se se ten que activar o "OFFSET" que é a "COMPENSACIÓN" de corte das coitelas.

Realizar o corte e quitar os descartes.

EXERCICIO2

Abrir o arquivo "06T_25n BOLSA negro"

Verificar os axustes de corte, en especial "REFLECTIDO"

Enviar a cortar e realizar o pelado quitando os descartes.

EXERCICIO3

Abrir o arquivo "07T_Adorame".

Modificar a cor da rosa de negro a outra cor.

Verificar os axustes.

Enviar a cortar con separación de cores.

Aplicación co ferro de pasar

FERRO DE PASAR

Hai no mercado ferros de pasar especiais para aplicar o vinilo térmico ou téxtil, estas manteñen a temperatura de maneira constante e uniforme en toda a superficie abarcan un espazo moito maior que as de pasar a roupa, ademais é importante realizar unha forte presión sobre o vinilo téxtil para que non se levanten os rasgos máis finos, así como ter o tempo controlado.

Hai dous tipos de vinilos, os que se desprenden do soporte en quente (+- recién aplicada a calor) e os que se desprenden en frío (deixando que o vinilo baixe a temperatura de pegado).

A temperatura e tempo necesario para aplicar os vinilos termoadhesivos defínenos os fabricantes, debemos consultar as súas especificacións.

Unha vez ll dimos calor o vinilo adoita desprenderse facilmente do soporte, se hai zonas que se quedan adheridas ao soporte (acetato) esperaremos un pouco de tempo para retiralo (hai vinilos que se despegan do soporte en quente e outros que necesitan que a temperatura baixe un pouco). Se é necesario, unha vez quitado o soporte, daremos outra pasada de ferro, esta vez cun papel siliconado.


Cuestións a ter en conta despois de aplicar o vinilo na prenda de roupa:

- Non lavar ata que non transcorran vinte catro horas desde que se aplicou.
- O primeiro lavado deberá ser coa prenda do revés e con auga fría.
- Non lavar en seco nin a temperaturas superiores aos 80° C .
- Non utilizar produtos agresivos como lixívas.
- Pode utilizarse sobre teas de algodón e poliéster 100% pero tamén sobre teas compostas por ambos materiais.
- O pasado para quitar enrugado despois do lavado deberá ser sempre do revés.

Test: CALIBRACIÓN DE COITELA

Colocar vinilo no ploter e axustar os parámetros de velocidade e presión perfectamente.


-Despregar o panel de "COLA DE VINILO"



-Activar a lapela de "CALIBRACIÓN"

-Despréganse as diferentes opcións de calibración, incluídas as da ferramenta láser.

Escollemos a de "COMPENSACIÓN DE COITELA"



Desprégase a ventá que se amosa a continuación. Procedemos a validar o test.



Pediranos permiso para proceder co corte.









Ao rematar de cortar debemos pelar todo o vinilo para decidir cal de todos os recortes efectuados é o que ten os vértices mellor recortados, buscamos ángulos rectos nesos vértices e non cantos redondeados.



Mediante eixe de coordenadas decidiremos a mellor opción para que o plotter se reaxuste.





Licenciado baixo a Licenza Creative Commons
Reconhecimento-NonComercial-Compartir Igual 4.0